

A Biblio-
teca
Pobo
Gallego

Iste e o
número

Fala ar-
moñosa,
non
morrerás.

Costa
unha
peseta.


Nas
boas li-
brerías.

*A Biblio-
teca do Pobo Gallego e a primeira publicación
d'obrinxas en lingua gallega que fai a rébista
"Estudios Gallegos".*

¡Fala armoñosa, non morrerás!...

Poesia por D. MIGEL
VENTURA BALAÑA.
Prólogo de D. AURELIO
RIBALTA, e duas paro-
las do autor ós gallegos.
— — MADRI, 1916 — —





F-955


b (n)

¡Sala armoñosa, non morreràs!...

153

153
153

¡Fala armoñosa, non morrerás!...



*Esa estrela briladora
Bolberá a lozir n'aurora.*

RIBALTA

MADRI

Imprensa do Asilo d'Orfos do S. C. de Xesús
Xoán Brabo, 3.
1916

*Neste libriño tense adoutada con
peqenas bariaziós a ortografía da rebista
Estudios Gallegos.*

É propriedade do autor.
Reservados todos os direitos.

Duas parolas do autor aos gallegos.

Anamorado ferbente com o que mais, das intemas cousas da Gran Familia Espanola, e adicado moitos anos aos estudeos lenguisticos; sinto verdadeiro amore aas lingoas faladas nesa nosa peninsula ibérica, verdadeiro xardin filolóxico que frolezeu en tan garridas coma groriosas falas. Eu qéroas todas por egoal, estas falas, irmanciñas xemelas: a miña e as outras. Qéroas, e deseio con zelme da ialma e cas miñas forzas todas, anque poucas, contribuire ao fermoso rexurdir d'algúnhas delas. Ai tendes espricado o orixe desta bibliotequiña q'adico ao Pobo Gallego e na que penso pubricare as mellores follas dos crásicos d'onte e mail-os froitos dos xobes esqirtores d'oxe.

Todos aqueles que nos preziamos de ter os mais enxebres sentimentos d'españolismo, temos o prazer d'amare, fomentare e escoitare con cariño as

bozes todas da ialma española tan cheias de tenrruras e meigallos. E temos ao fazelo o prazer do deber cumprido: porqé entendemos q'España eibos eso: Galizia, Asturias, Castela, Basconia, Aragón, Cataluña e mail-as outras rexíos. E temos entendiido tamben q'o mais enxebre patriotismo aconsella amare todo eso con todal-as forzas do curazon. Nada pois d'embexas nin rezeios. Traballemos pra grandeza das rexíos, qe canto mais grandes e prósperas as rexíos sexan, mais grande e próspera será España qu'é o seu conxunto.

Qe ningén renege da lingoa da sua rexión, qe ningén despreze a lingoa das outras: todas teñen égoal direito aa bida, égoal direito aa cultura: todas sombos égoalmente españolas. Falas da patria, anacos da nosa ialma nazional.

Mais endemal aibos qen despreza as nosas lingoadas rexionás e qen seica mobido por odios ou embexas aconsella asoballallas, escrabizalas... «sín contemprazéon nin disculpa de ningún xénero!...» matalas, si poidera ser!... *¡e son falas españolas todas elas!*

Maos españoles, aqueles qe desprezan as lingoadas faladas nas rexíos d'España, e maos liberales aque-

les q'aconsellan persecuziós contra elas, cometendo noso ber, non solasmentres un crime de lesa patria mais ainda un crime de lesa Umanidade, e craro e, a nosa dinidade d'españoles e d'omes subrébase contra tanta malbazedá e tiranía tanta. Nos, nemigos de persecuziós e tiranias, adouradores da meiga Libertade e amantes das obras da Natureza (canto mais omildes mais dinas do noso aprezo) temos qe sair con arroutado e fero pulo; con berro forte e sinzeiro, a dizir non! xamais! As lingoas non morren por Reiás ordes qe se pubrigan contra elas. As lingoas sombos obra de Diós e... non e tanto o poder do Demo qe poida destruir a obra de Dios por moitas persecuziós qe decreten os Infernos.

Na nosa terra ispánica aibos catro idiomas españoles qe biben e... bibirán... Endemais da garrida e groriosa lingoa de Castela, temos o antigo idioma basco, berdadeira reliqie arqueolóxica praa qe nosoutros non soo sintimos sinzeiro amore, mais tamén grande benerázion; temos o grorioso idioma catalán, qe ten unha brillante cultura xa nos tempos medêos e mais un esprendoroso resurximento nos modernos; e temos por fin esta meiga

lingoa galaico portuguesa unha das mais importantes do mundo. Todos estes idiomas e mail-los seus dialeutos son ouxeto d'estudeo no Estranxeiro. Nas Unibersidás españolas non ai qen ainda teña fundado senllas cártredas pro seu insino. O Estado español qe tería qe fomentare e protexere todas estas lingoas, se non preocupa moito deso, mais non importal as augas móbense e corren furentes e ningén e capaz de deter o seu curso.

Xa fai tempo tiña eu arela de pubricar en gallego unha serie de bolumes de caraute literareo. Oxe teño o prazer de podelo fazer e perzisamente nun momento en qe parez qe Galizia sinte agúzia de bida noba e de resurximento. En pouco tempo tense pubricados bareos libros en gallego e os nomes de Herrera Garrido, Ramon Cabanilles, Lissardo Barreiro, Lugín Perez, Aurelio Ribalta, Rodriguez Lopez e outros e outros, dinbos ben craramente q'as letras gallegas nestán mortas nin morrerán polo d'agora, a pesar das esqelas da sua defunzeón qe de bez en cando teño lido. Pola contra: as letras gallegas ban crescendo co calor dos sêntimentos patrióticos dos fillos de Galizia qe queren aa sua terra o seu arte, a sua lingoa e todas

as cousiñas íntemas da patreia. De pouco tempo praco, Galizia biu rânaizer o arte, a lingoa e a poesia. E ten frolezido as canzós e ten frolezido os bersos. Só con follear a *Literatura Gallega*, de Carré Aldao, se ben be a importanza d'esta ponla da literatura ispánica, tan chea de froles e cheirumes.

Eu non teño nunca estado naqela terra, mais son un namorado da sua mûseca, da suas letras e da sua lingoa, e oubindo a dozura das suas canzós qe relembran os suidos das gaitas, e lendo enmeigado os acurados, escorreitos e axeitados bersos de Rosalia, e Pondal, d'Añón e de Curros; teño deprendido a querer os seus concertos e inda mais: a fazer alguns bersos nesta armoñosa fala gallega: Dengunha lingoa ten a tenrrura dos seus diminutibos, nengunha a naturria do seu deixo, e nengunha pode sirbir tan bén pra expresión dos tenros sentimentos e pra o cultibo da poesia lírica.

* * *

Probe e omilde e en berdade o meu poemña q'oxe sai aa lus pública e nunca debín comenza-
ren a serie por cousa tan baldeira e ispida, sinón

cun traballo d'outro esqirtor de mais forza e empuxo; mais foi o meu intento adicar no pirmeiro bolume un omenaxe aa lingoa gallega e belaiqi porqé empezo por il, porqé omilde e todo coma é; eibos unha bandeira, bandeira qe se a segides balentes, jou nobos esqirtores gallegos! indo sempre pra diante, ollando sempre pro porbir, poderá lebárebos aa biutorea. Esqirbide en gallego, e despertará a bosa nazionalidá do seu secular letargo e a biutorea sera unha cultura noba, unha cultura española mais qe naszerá das zinzas e qe mañán bendizirán os fillos da Nai Galizia e seica a umanidá inteira.

Acodide aa loita, rapazes, omes d'oxe, famentos de libertá e de zenzia, acodide. Os nemigos dirambos q'o gallego e unha lingoa probe e bulgare, respondei co desprezo, non lles fagades caso ningún. Solas mentres lenbrade, qe non se qere a nai, por ser rica ou por garrida, qe soo se qere aa nai, soo por eso: porqe é a *Nai*.

M. V. B.

PRÓLOGO

O autor dêsta garrida poesía qe bades lere, e un
esqirtore é poétâ catalán, qe por gala troba as be-
zes na lêngoa de Galizia. Non e o pirmeiro caso
abofellas, de poetas dalen qe trobaren no noso, si
lles cadrou; e ai tendes os nomes do sebillano Ro-
dríguez Marín, do astorgano Martínez Salazar, do
portugés Leite de Vasconcellos, ou do basco Ber-
múdez Jambrina, por non falar doutros. Pero antre
todos eles e moi calificado o caso do siñor Don Mi-
gel Bentura Balaña.

O siñor Balaña e, como se ben be lendo os seus
bersos, un anamorado de Galizia. Pro non un na-
morado pola impresion qe nel faga a vista do país,
os seus costumes, a sua fala. Non pôdúa ser esto,
por qe o siñor Balaña (qe ten corrido moito mundo,
qe ten bibido longos tempos en moitas naziós da
Europa, de Africa, e mais da Amerêca do Norte)

non ten estado nunca mais en Galizia. O seu anamoramento nazeu do estudio nos libros. Interessado fondamente polo mobemento de reintegración catalana, berdadeiro renazemento d'aqela terra, berze da intelectualidade de toda a España oriental e á mais propulsora da sua cultura, o siñor Baña douse a estudáre o mobemento de reintegración da terra gallega, qe fai parexa co o da banda daló en sere tamén o berze da intelectualidade, española ou non, de toda a parte ouzidental da península esta en qe todos bibimos e qe as liñas da nabegación ozeánica teñen feito zentro de todo o mundo.

Tanto Cataluña coma Galizia infruen moito, moitisimo, na bida española, e mais a infrenza das duas bai sesgada astra chegare ao zentro mesmo de Castela: a infrenza catalana pasando polas serras e mais polos ermos aragoneses; a infrenza gallega atrabesando polas montañas e mais polos páramos das terras de León.

Ben se comprende, pois, e ben natural e qe ansina coma estudeaba o mobemento catalanizante de Cataluña, estudease tamén con afan da i alma, o mobemento gallegizante de Galizia. E deste

modo e maneira súzedeu qe o siñor Balaña, literato catalán, ben tamén a sere literato gallego; qero dêzir, bersado, douto, na literatura de Galizia.

Esta e, poida dare, a sua mais marcada carauterística, a sabenzia. O siñor Balaña bos e un filólogo, un linguista. Conoz nas suas intimidás fondeiras a lêngoa franzesa e mai la êngresa; e catedratico d'ingrés, por oposición, na Escola Superior do Maxisterio en Madri. Sonlle moi conozidas unha chea de falas antigas e modernas, mortas e bibas. E por fin, en materia de Dialeutoloxia Románica, ou latina, ou como lle chamen, e un omiño qe s'entera de todo canto no mundo sai a a lus púbrica.

Co estes antecedentes, sendo ben sólido o seu caudal zentífico, era natural que o siñor Balaña, posto a estudáre o gallego, estudárelo de bez, astra apoderárese por inteiro, tanto da lêngoa dos trobadores, coma da fala qe se oxe fala por todo los cómaros de montaña ou de ribeira, por toda las rías, condados, marcas e siñoríos de Galizia.

Pero aconteze tamén qe se trata d'un artista. O estudio do gallego, feito por un poeta tal e como o siñor Balaña o e, dou por resultado qe o filólogo deixara campo libre a o cantor da belleza da nosa


terra, pero emprestándolle a sua conozencia da lêngoa da nosa terra para cantala. Este e u orixé da fermosa poesía qen teño a onra d'encabezare con estas poucas falas. Este e u orixen do presente libriño, nobo enrexezemento da nosa literatura.

Eu ben qixería ter primores na pruma, dizires aquelados e aparentes e sobre todo autoridá para saudare a este nobo cultibadore da poesía gallega, e dárelle a ben chegada no noso campo literareo con fidalgeiras falas de onrroso acollemento. Pro cōmo non estou ao altor qe se agora perzisa, abondará qe amostre a intenzión de fazelo porqué anqē os meus ditos sexan catibos de todo, a ocasión os lebanta e mai lo afeuto que os inspira poñerá neles un arrezendente ulido de fraternal e xeitoso rezebimento.

“ Ledo dé bes, eu saúdo no siñor Balaña, esqirtor e poeta catalán, a un nobo poeta gallego qe ben a poñer en xuntanza xeitosa e fecunda o pensamento do seu país coo pensamento galiziano. Irmaa grande, fidalgeira e rica, e Cataluña. O traballo catalán engrandezéuna, a poesía catalana subrimouna. Si este seu fillo, o merezente poeta siñor Balaña, ensalza en gallego a lengoa gallega, eu, qe non

me estrebo ainda a falare en catalán, pero qe can-
do o leo ou cando o escoito entendo moi ben todo
canto me din, afirmarei qe ademiro e reberenzio issa
lengoa, xeutosa eufónica, cultísima, de nobres fei-
turas gramaticás, de sinxelas garridezas d'expresión,
orgo de manifestazión de un alma grande es-
correita e fidalga: a i alma de Cataluña. A mais
Cataluña, eibos argulo d'España pola cultura isto-
rica, polo baler presente, pola ilustre funzión d'en-
grandezemento qe lle reserba o porbir. Ela, mais
forte e mais rica qe nos, rubida no curuto Nordés
d'España, e Galizia animosa e bolta para estrela-
dos seus destinos asentada no curuto Norueste, te-
ñen as duas unha grande minsión qe cumpliren, a
de demostrarre, con feitos a Espanha toda qe somen-
tes a fará grande o mobemento de reintegración
que amas a duas de xa fai tempo realizan. E mais
esta e a importanza dos mobementos literarios: os
poetas son sementadores d'ideias qe dempois d'ar-
raigaren no cítrazón das familias, naszen, medran
e frolezen en ponlas qe dempois se carregan de
froito bendito, mantenza e fartura, ledizia escorreia-
ta pra oxe, grandeza reconezida pra mañán.

AURELIO RIBALTA,



I

FALA ARMOÑOSA!

(Fala da miña nai, fala armoñosa!
... non morrerás.

Atres da miña terra.—CURROS.

Deprendín a falar-te cantando,
E cantando, chegei a querer-te
Coma queren as frores a os páxaros,
Coma as rulas nos álbres se queren.

E ti amorosifía
Tes-me feito sentir os momentos
Mais tenros da bida..
En te oindo, escoitei, escoitara
Dozes armunías:

-Amores das abes,
E cantos das brisas,
Fungares dos bentos.
Das augas, a risa...

Salaios dos bosques,
Berros d'anduriñas,
Barballas das freixas.
Bicos de suriñas...

Sospiros d'amantes,
Lerias de meniñas,
Arrolos dos berzes,
Das nais, netorrías...

Suídos de gaitas,
Múseca de *tibias*,
Canzós, alboradas,
Muiñeiras debinas...

É aló n'outras terras,
Lonxe de Galizia
Oubindo ista fala
Xamais esquezida...

Sintín esbagullos
De melancónia
De saudades, qeixas
Aires de morriña...

E escoitando tan dozes conzentos
botei man à lira...
E pulseina con bicos ardentes
Qe as cordas férían.
Eu deprendo a falarte cantando
Eo pasar pol-os beizos, as falas
Non sei se son bozes
Anacos da ialma
Ou ben si son bicos
Qe en espréndidas gamas estralan.

51

II

NON MORRERÁS!

Eu lin de Curros—os meigos «Aires»,
«Musa d'aldea»—de Carbajal,
Lin «Follas Nobas»—de Rosalía,
E mais «Qeixumes»—do gran Pondal.
E lindo os bersos—destes poëtas
E oubindo os cantos—dos aldéas
Dixen ¡ou doze—lingoa gallega,
Fala ármoñosa—non morrerás.

|Bates gallegos! —Â bosa lira
Lingoa gallega fazei falar
Fazei cantigas—pràa bosa terra
Canzós d'aldeia—canzós do mar
Pois componendo—copras pr'o Pobo
No falar boso—tan feitizán
Bates gallegos—en tod'o tempo
Bosos azentos—perdurarán.

E relembrando—nos bosos cāntos
Abes e nenas—l-os alalás
Postas de sole—noites de lua
Rezos, amores—sons de campás
Fontes e frores—brisas e praias
Festas e feiras—romaxes... à!
A bosa tenra—fala poèteca
Bates gallegos—non morrerá.

Mentres garrulen—os reiseñoles
Pola campía—polo piñal
E das aldeias—polos tellados
Dend'os seus niños—chie o pardal
E berren ledas—as anduriñas,
E as pombas rulen—polos pombás
E o melro entóe—dozes frauteiras...
|Fala gallega!—non morrerás.

En tanto canten—as rapaziñas
Os seus amores—pirmabeirás
Mentres ós berzes—as nais arrolen
E bicos boten—ó seu compás
Mentres no peito—muller gallega,
Teña un meniño—pr'amamantar,

¡Lingoa dos anxos! — ¡Lingoa d'amores
S'oubirá o mimo — do teu soär...

Mentre o sole — indo pr'a posta
Biqe a montana — aló no bar
E beña logo — ca noite crara
Cheia d'estrelas — meigo luär
E polas ruas — da bella aldea
Alegres s'ouzen — os alalás
E os aturuxos... — ¡Pobo gallego!
O teu idioma — ti falarás.

Cand'a cámpana — chame pr'irexa
A oubire minsia — pola miñán
E polas campas — o toqe d'*ánxelus*
Faga rezare — pola serán
E fale cousas — da bosa bida
Q'a bosa i alma — n'esqezerá
O campadario — na feitizeira
Lingoa gallega — bos falará.

En tanto feros — da bosa terra
Os bentos rosment — polo cañal
E as brisas ledas — e lixeiriñas

A lira pulser.—lo piñeiral,
Mentres as fontes —choren bagullas,
E reze a freixa —co seu chas-chás,
E a chubia zoe—polos espazos
¡Fala gallega!—sospirarás...

Sempre q'as ondas—encaixes pondo,
Nas praias fagan—doze bruär
E polas dornas —canten os bosos
Mariñeiriños—ledo cantar
En tant'os xeitos—ou as traíñas
De peixes cheios—saian do mar
Afellas digo:—estón, gallegos,
Bibirá legre—bosa falar.

Mentres nas festas—e romarías
Toqe o gaiteiro—gaita e timbal
E namoradas—bailen muñeiras
Garridas mozas—de ban lanzal...
Mentres ruadas—fagan os mozos
Nas meigas noites—todo los bras.
E n'os imbernos—axa fiadas...
¡Lingoa gallega,—non morrerás!

Cand'as zagalas—fazendo chifros
O gando paszan—no carballal
E q'os labregos—canten nas eiras
E no muiño—rode o negral
Mentres q'os eixes—os carreteiros
Polas estradas—fagan chilrar...
Por bosos agros—polos camiños
S'oubirá sempre—boso falar.

—
Cando chorimas—e frol de xesta
Dos bosos montes—ornan o aitar,
Cando no bosqe—a frol d'esprego
Co seu cheirume—prefuma o ar
Cando na aldeia—por *Corpus Christi*
Debotamente—porzesión fan...
Froles, fogetes,—e repinicos
Fala gallega—bos falarán.

—
Cando coroas—de crisantemos
Poñan nas cobas—pr'as adornar
Cand'os salgueiros—no zimitero
Mlobend'as ponlas—tornen a impar
Cando no pobo lemqren ôs mortos
Facendo rezos—xunt'o fogar

Congoxadiña--zoarás maina,
Lingoa imbentada—para chorar...

Mentres as donas—aló n'outono
Preto do lume—pra se qentar
Baian, e fagan—pote gallego
Bullós ou zonchos—para zeär
E as aboïñas—conten ôs nenos
Contos e faulas—do tempo sar
Soabe a brando—boso lingoaxe
Parolaráse—beira do lar.

Mentres teus fillos—doze Galizia
Qeran a Patrea—com'unha nai
E de ti, lonxe—sintan morriña
Cal anduriña—qe ben e bai
Mentres relouqen—o son da gaita
Lembrando cousas—do propeo chan
E a ti dirixan—seus pensamentos...
Gallego enxebre—che falarán.

NOTAS

1.^a Estrebin-me a usaren dalgúis arcaismos porqé creio q'a lingoa gallega ten direito a empregar as falas do seu antigo tesouro e dar-lles bida ca saba do resurximento literareo.

2.^a Espricaziόn d'algunhas falas:

Arrolar—abalar—mober o berze.

Bar.=Curuto ou cume d'as montanas (Vide Cuveiro).—«Diccionario Gallego».

Dornas.=*Naos*, peqenas pra pescare; ista parola ben d'as duas «dos» mais «naos» *dós naos* pasou a *dornas*. cánbeo de *s* en *r* alcóntrase n'outras lingoas asin «lar dó» por «*las dos*» prenúnzean os andaluzes.—Béxa-se tamén: *rubir* por subir.

Freixa.=Abanqeiro, catarauta, cadoiro d'augas.

Sar.=Pirmitibo, bello, antigo: ista fala ben d'a lingoa euskara n'a qe *zarra* quer dizire «*bello*» antigo.

Tibias.=Frautas. A parola relembra craramente q'os pirmeiros esturmentos de bento fono feitos cos osos das pernas asin chamados.

M. V. B.

A Biblioeca do Pobo Gallego

(FOLLAS D'OXE E D'ONTE)

Rébista das letras gallegas.

Direutor: M. Ventura Balaña, Granada, 2.—MADRID

Pubricará un número cada dous menses,
a UNHA peseta.

Aos esqirtores. — Nesta Rébista pubricaránse traballos en prosa ou verso dos esqirtores gallegos d'oxe.

Aos libreiros. — Rebaixa do binte e zinco por zento fárase aos libreiros, adiantando polo Xiro Postal o balor de binte enxemprares pra enriba.


Aos susqirtores. — Os susqirtores non ten qe abonar o importe da susqirzêón astra dempois de rezébido o volume. Dend'o próximo número pubricarásé unha lista numerada dos susqirtores d'esta Biblioeca (q'o qeran).


*Aos anunziante*s — Anunziade na Biblioeca do Pobo Gallego — Pras tarifas, dirixirse ao Director.

Aos rexionalistas e amigos do idioma. — Protexer esta pubricazêón e fazer porpaganda dos bosos ideiás.

opposite

10940





Biblioteca do Pobo Gallego.

(Rébista das letras gallegas.)

NÚMERO PIRMEIRO:

¡Fala armoñosa, non morrerás! por M. V. Balaña.

NUMERO SIGUNDO: (Na imprensa.)

Os meus botos, por Aurelio Ribalta.

En perparazion.

Cantigas en louor da Birxe. Alfonso X de Castela.

A Birxe do Cristal. Curros Enríquez.

As Poestas, d'Alberte Camiño.

De «Follas Nobas». Rosalía de Castro.

Ferruxe (nobeliña gallega). Aurelio Ribalta.

A morte qe pasa (traxedia). Balaña.

Os mellores bersos, d'Añon.

Poestas escollidas, de Pondal.

Contos da terra (Folk lore).

Canzóns do pobo (Folk lore).

Do feixe (escolleita de poesías). Ribalta.

Bida e feitos dos omes ilustres de Galizia.

Mulleres ilustres de Galizia.

Antigos poetas gallegos.

Anacos d'Estoria (artigos e impresiós).

Follinas, gromos e xermolos. Balaña, etc.

F-955

Biblioteca